



## Revista de Guimarães

Publicação da Sociedade Martins Sarmiento

### VARIANTES DE ALGUNS CONTOS.

FRAGUAS FRAGUAS, Antonio

Ano: 1993 | Número: 103

---

### Como citar este documento:

FRAGUAS FRAGUAS, Antonio, Variantes de alguns contos. *Revista de Guimarães*, 103 Jan.-Dez. 1993, p. 129-138

---

Casa de Sarmiento  
Centro de Estudos do Património  
Universidade do Minho

Largo Martins Sarmiento, 51  
4800-432 Guimarães  
E-mail: [geral@csarmiento.uminho.pt](mailto:geral@csarmiento.uminho.pt)  
URL: [www.csarmiento.uminho.pt](http://www.csarmiento.uminho.pt)



Este trabalho está licenciado com uma Licença Creative Commons  
Atribuição-NãoComercial-SemDerivações 4.0 Internacional.  
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/>



**casadesarmiento**

centro de estudos do património

## Variantes de alguns contos

Antón Fraguas Fraguas

Revista de Guimarães, n.º 103, 1993, pp.129-138

A xoroba ou corcunda en portugués, ten unha nota pexorativa pra quen a padece, pero ó mesmo tempo atingue valor pra adequerir algo por ela, e por iso pasanlle pola xoroba un billete da loteria pra que lles toque ou sinxelamente pra ter sorte pasan a man pola xoroba. Cando se cruzaron no camiño un torto, un falto dun ollo e un xorobado, na primeira hora da mañán, rompendo o día, saudaronse cortésmente con istas verbas:

– Bos días, madrugou coa sua carguiña ó lombo, di o chosco.

– Bos días, si, é cedo, por iso vostede inda non abreo mais que unha fiestra.

Como tremenda carga de castigo figura no conto das duas xorobas eiqui imos ver varias versións: portuguesa, galega, irlandesa e da Bretaña. A mais sinxela é a que figura nos “Contos Populares” de Francisco Martins Sarmiento. Os elementos que debemos ter en conta e unha misteriosa danza coa sua música, dous xorobados e os elementos de poder que son Seres misteriosos, lexendarios, e os días da semán. Rixe o ben e o mal a semán os días da semán e a fermosa música que ordea a danza.

O conto portugués tiduase: “A dança dos diabos”: Uma noite um homem ia por um descampado e encontrou uns poucos de sujeitos a dançar. Meteuse no rancho e começou a dançar também. Sentiase já estafado da dança que se prolongava de mais; mas por mais que



quisesse não podia parar. Só quando os companheiros pararam, é que pôde livrar-se daquele martírio. O homem era corcunda.

Que paga havemos nós de dar a este companheiro? perguntou um dos dançadores aos outros.

Tiremos-lhe a corcunda. Responderam eles.

E a corcunda desapareceu logo das costas do homem.

Um amigo do feliz operado, corcunda como ele, vendoo sem defeito, perguntoulhe como tinha arranjado aquela boa fortuna e, como ele lhe contasse tudo o que sucedera, procurou uma noite o descampado; lá encontrou os dançadores; dançou, parou quando os companheiros pararam.

Que paga havemos de dar a este? perguntou um dos dançadores.

Damos-lhe a corcunda que o outro deixou.

E o pobre homem ficou com duas corcundas. Os dançadores eram os diabos”.

Non hai trabucamento na danza. Cargan o pobre rapaz coa xoroba que lle quitaran ó primeiro.

No conto recollido por nos en Galicia, o xorobado vai de noite de un lugar a outro e vai solo. Pérdese no monte e ve ó lonxe unha luz. Guiado por tal punto luminoso chega a unha casa onde as meigas están bailando e cantando: luns e martes e mercores tres; luns e martes e mercores tres; luns e martes e mercores tres.

O xorobado pensa que é un serán e entra e ponse a bailar e canta o mesmo tempo: luns e martes e mercores tres; pero nunha pausa engade no canto o remate así: luns e martes e mercores tres, e xoves e vernes e sábado seis. Pára a danza con unha ledicia alborotada, era o canto que así rematado constituía o remate de un castigo que tiñan imposto. As bruxas libres quitaronlle a xoroba e ademais déronlle unha cantidade moi grande de ouro que o fixeron un home moi rico.

Chegou ó seu pobo e non parecía o antigo xorobado, era descoñecido pola gracia que tiña o seu tipo.

Habia no pobo outro xorobado e non facía mais que preguntarlle onde lle quitaran semellante bulto que tiña na espalda. Pero non llo



decia por respecto o misterio; pero foi tanto o que lle pideo que un dia díxolle onde era e como cantara coas bruxas e bailara na roda.

O veciño marchou o monte e pola luz foi dar á misteriosa morada onde estaban bailando e cantando. O xorobado entrou e comenzou o baile e o mesmo canto pero completo:

Luns e martes e mercores tres,  
Xoves e vernes e sábado seis.

Bailou e cantou mais na terceira ronda quixo facer un engadido pra que o librarian da xoroba e cantou:

Luns e martes e mercores tres,  
Xoves e vernes e sábado seis.  
E domingo sete.

Parou a roda de baile e gritaron todas contra él por desfacer a música e canto misterioso que tiñan e agora causaballe un perxucio por algún tem tempo. Puxaron del dun lado pra outro e deitarono. Cando se ergueo tiña dúas xorobas porque lle puxeran en castigo a xoroba que lle quitaran o primeiro.

Coa nova xoroba marchou pro seu pobo e a xente motexabao por velo con tanta xoroba.

En 1882 publicase o libro de Selección de Cuentos de José J. Fuente del Pilar, traducido por Ramón Martínez Castellote, onde se recolle o conto: “Los Duendes de Knockgrafton. Ademais de ter como elemento fundamental a xoroba hai somentes dous homes o primeiro liberase do tremendo peso da Xoroba e o segundo por romper a armonia e quedar rota a danza é castigado o causante a carga coa xoroba que deixara o liberado. O castigado como no conto terior e sobre os mesmos elementos, os dias da seman, e o erro está no dia que se engade no primeiro conto é o domingo niste irlandés é o xoves.

Vivia no val de Aherlow o pe dos montes Galtee, un home con unha xoroba moi grande, tanto que cando se sentaba tiña que apoiar a barbilla, o queixo, nas rodillas como apoio pra soste o peso xorobático. A xente fuxia del por atribuirle poderes e maldades que non tiña, pois era un gran infeliz que a ninguén facia mal. Tiña gran axilidade nas mans pra tecer xuncos e facer sombreiros e cestas que

era do que vivia. Chamábanlle Lusmore, porque lavaba no sombreiro de palla unha ramiña como a dun gorro de un duende. O lusmore era o millor trenzador que habia e por envidia contaban as historias que se decían do xorobado.

Unha noite regresaba da cidade de Chair e dirixíase a Cappagh e como andaba pouco anoitecía cando chegaba o vello túmulo de Knockgrifton que estaba a dreita da estrada pola que camiñaba. Sentouse porque tería que andar toda a noite. Tranquilo mirou á lua e chegou os seus ouvidos a música cautivadora que cantaban as seguintes verbas:

“Da Luan, Da Mort, Da Luan, Da Mort, Da Luan, Da Mort”. Unha pausa e volve a mesma música coas mesmas verbas. Era música que procedía do túmulo e Lusmore despois de cantar a música coas mesmas verbas, engadeo “augus Da Cadine”. No túmulo cantaban sempre Luns e Martes e Lusmore engadía con moi boa voz e a mesma música: “augus da Cadine”. O mesmo que comenzaba Lusmore comenzaban tamen os duendes.

Cautivados os duendes polo engadido saíron e trasladaron no medio de intresante algarabía, ó interior a Lusmore e foi tratado con admiración e distinguido por admiradores que o calificaban de músico superior a todos os músicos, pero a pesar das gabanzas, Lusmore tiña medo, moito medo, e pra tranquilizado, un duende acercouse a él e díxolle: “Lusmore, non teñas medo nin te aflixas, porque a joroba que levabas en a espalda ya no estará máis ahí desde agora. Mira ó chan e ollaa, Lusmore”.

Moveuse de un lado e do outro, atopouse lixeiro, parecíalle que podía saltar moi alto. Lusmore quedou dormido e cando espertou xa era día e o canto dos paxariños asociábase o paso do gando pro monte, él decatouse que estaba xunto o túmulo de Knockgrifton. Pasou a man polas costas e non atopou nada, xa era un homiño ben formado. Parteo pra Capp, despois de rezar as oracións da mañan, a paso lixeiro e non era coñecido somentes por sua nai porque non se parecía nada o Lusmore de denantes.

A noticia estendeuse axiña por moitos lugares porque tratábase de un feito moi importante. Un día chegou a porta da cabaña de Lusmore unha vella perguntando pola cidade de Cappagb, os camiños pra chegar a ela. Lusmore díxolle que era onde agora estaba. A Velliña Díxolle a Lusmore que viña da rexión de Decie, no condado de Waterford en busca de un tal Lusmore a quien los duendes le quitaran la joroba". facia o viaxe por culpa de un fillo dun parente ten unha xoroba moi grande e Lusmore informou a señora de canto lle sucedera e como o deixaran sen xoroba.

Volveo a velliña a Waterford e sairon co xorobado, chamado Jack Madden e chegaron ó pe do túmulo de Knockgrafton onde estaban cantando "Da Luan, Da Mort, Da Luan, Da Mort, Da Luan, Da Mort, agus da Cadine", cantado sen pausa.

Jack Madden quixo adiantar e cantou: Augus Da Cadine, agus da Hena. Os duendes pararon e con gran alboroto colleron a Jack levarono pra dentro e puxeronlle a xoroba de Lusmore porque as suas verbas estropearan o seu cantar. Cargado con tal castigo morre axiña sen que vaian contra Lusmore, como se recoñeceran a falla de Jack Madden.

No ano 1986 publicase o libro de Ros GarciaLluis: "Cuentos y leyendas de la Bretaña". Editado na colección Libros de los Malos Tiempos pola Editorial Miraguano. E neste libro está o Conto: Los Duendes de Plaudren.

No pais do trigo branco habia unha raza de Duendes que estaba dividido en catro tribus os Kornikaneds, que habitaban nos bosque, o nome viña duns pequenos cornos que levaban colgados na cintura cando cantaban; os que vivian nos montes eran os Korils, porque pasaban toda a noite bailando en corro ó redor da luna; os que moraban nas charcas eran os poulpikans, porque tiñan as moradas, os escondites, nos lugares baixos, nos lamigueiros; os teus, pequenos homes negros que se atopaban nos prados e nos campos de trigo maduro e os outros duendes acusabanos de ter tratos con cristianos tiveron que esconderse en León.

Habia en Plaudren cerca de Loqueltas un monte chamado MottennDervenn, onde se atopaban os Korils. Tiñan a costume de bailar toda a noite e quen pasaba por cerca do lugar era obrigado a bailar con eles e o baile duraba toda a noite deica o canto do galo. Curioso reloxio o famoso canto do galo que pode cantar ó escoitar o mais fino ruido. O camiño era temido e os viaxeiros tiñan qu rodear moito e unha seran Benead Guilcher traballara todo o día e pasou polo camiño peligroso coidando que era hora libre, pero non foi así, e cando quixo volverse os duendes fixeron oubir as suas voces e Guilcher, tremendo de medo, invocou a Santa Ana porque os tres grupos ian danzar toda a noite. Os duendes rodearon a Guilcher e a sua dona pero ouservaron que tiña a forquilla, a defensa máxica e todos os veciños souperon da defensa pero Guilcher tiña unha xoroba e a pesar da longa dama queria relacionarse cos duendes e unha noite colleo a forquilla, encomendouse a Santa Ana e marchou pra xunto os duendes que o recibiron con ledicia e pideulles que o dispensaran do baile porque ian a un ritmo moi apurado, e prometeronlle que se detiñan cando el mandase. Acetou.

Cantaban soio os tres primeiros días e Guilcher aumentou os tres días seguintes e foi tal a ledicia que lle dixeron que pedise o que quixese o que mais lle agradara: Riqueza ou beleza.

– Falades en serio?

E responden: Que nos condenen, se te enganamos, a recoller un a un todo o miudo do Obispado.

Hai que lembrar que co millo miudo escorrentabase o Trasno porque non contaba mais que de dous en dous.

Guilcher dixolles: – Xa que me deixades elixir, pídivos unha cousa: que me despoxedes do que teño antre os meus homeiros pra que poida andar tan dreito como un bastón.

Guilcher quedou sin xoroba e ninguén o recoñecía, pra que a muller vise que era o seu home tivo que decirlle a roupa branca que tiña no armario. Todos querían saber como lle fixeran pero él non decida a verdáde somentes llo dixo o xastre tartamudo que prestaba

diñeiro a tan alto intrés que arruinaba ós deudores era Perr Balibouzik, e Guilcher tiña deuda dende facia tempo e non podía pagarlle.

Como no caso de Galicia engade no canto o domingo. Cando lle preguntaron dixo: o que deixou Guilcher, porque Entre Riqueza e Beleza, deixou a riqueza pero tamen deixou a xoroba e foi o que lle deron.

Indignado coa xoroba e cargado de maldade apremiou a Guilcher que pagase a deuda. Guilcher vai outra vez a Mottenn-Dervenn e os Korils responde á petición entregandolle as bolsas de tela que levaban á cintura. A primeira vista eran area e follas e todo se transformou en riqueza que lle permitio pagar a deuda e marchar pra Josselin onde mercou unha casa e tivo fillos que foron homes respetables.

En Galicia e Portugal un dos contos que tivo moito espallamento foi o que en Galicia chaman “O CREGO SIN COIDADOS”, e en Portugal FREI JOÃO SEM CUIDADOS e nos Cuentos Populares Españoles de Aurelio M. Espinosa titulase LAS TRES PREGUNTAS e faillas o Rei a un Coronel e vai o asistente a Palacio.

O portugués é o mais axeitado ós tres elementos que entran nas preguntas nos tres casos a forzada e canto vale o Rei e no que está pensando.

O rei chama ós personaxes por presumir de ser personas sen preocupacións xentes sen cuidados.

A Frei João sem cuidados chamouno e díxolle:

– Vou darte uma adivinha, e se dentro em tres dias me não responder, mandote matar: Quero que me digas:

- Quanto pesa a lua?
- Quanta agua tem o mar?
- O que é que eu penso?

Frei João Sem Cuidados saiu do palacio bastante atrapalhado, pensando na resposta que havia de dar aquelas perguntas. O seu moleiro encontrou-o no caminho, e lá estranhou de ver Frei João sem Cuidados, de cabeça baixa e macambuzio.

– Olá, senhor Frei João Sem Cuidados, então o que é isso, que o vejo tão triste?





– É que o rei disse-me que me mandava matar, se dentro em tres dias eu lhe não respondesse a estas perguntas: – Quanto pesa a Lua? – Quanta agua tem o mar? – E o que é que ele pensa?

O moleiro pôs-se a rir, e disse-lhe que não tivesse cuidado, que lhe emprestasse o hábito de frade, que ele iria disfarçado e havia de dar boas respostas ao rei.

Passados três dias, o moleiro vestido de frade, foi pedir audiência ao rei. O rei perguntou-lhe:

– Então, quanto pesa a Lua?

– Saberá Vossa Majestade que não pode pesar mais do que um arratel, porque todos dizem que ela tem quatro quartos.

– É verdade. E agora: Quanta agua tem o mar?

– Isso é muito facil de saber; mas como Vossa Majestade so quis saber da água do mar, é preciso que primeiro mande tapar todos os rios, porque sem isso nada feito.

O rei achou bem respondido; mas zangado por ver que Frei João se escapava das dificuldades, tornou:

– Agora, se não souberes o que é que eu penso, mando-te matar!

O moleiro respondeu:

– Ora, Vossa Majestade pensa que está falando com Frei João sem Cuidados, e está mas é falando com o seu moleiro.

Deixou cair o hábito de frade e o rei ficou pasmado com a esperteza do ladino.

Na galega as perguntas son: – Canto hai da terra a lua? – Canto pesa a terra? – E canto vale él?

Pra responder a primeira pergunta estiveron fiando as mulleres e o sacristan leva unha enorme bola de fio.

A resposta: Eiqui traio o fio, Suba e temos a medida xusta. Inda que a da por boa o rei non é tan xuxta como a resposta portuguesa.

– No peso da terra: Manda que aparten as pedras e con unha romana promete pesala.

E no valor e igual pra todos sempre unha moeda menos que o que deron por Noso Señor Xesucristo.



**casadesarmento**

centro de estudos do património

En todos vai un segundo personaxe de moita menor calidade, e o rei mostra un pequeno asombro polo saber do moleiro, do sacristan e do asistente do coronel en Andalucía.

Poderíamos seguir con afinidades galaico lusitanas e moitas cousas iguais principalmente no cancionero porque eran pezas pra ser cantadas e nos dous pobos eran mozas e mozos os que cantaban. Os mozos galegos ian a Portugal a aprender o oficio de canteiro e levaban as cancións galegas o volvían con cancións portuguesas. As fronteiras non foron muros insalvables, pro espírito non hai fronteiras.